



# Seniors Dixitais

## Edición 2022



AXENCIA PARA A  
MODERNIZACIÓN  
TECNOLÓXICA DE GALICIA

**Edita:** Xunta de Galicia  
Consellería de Facenda e Administración Pública  
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

**Lugar:** Santiago de Compostela  
**Ano:** 2023

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución  
Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)  
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

# Contidos

<b>1. Presentación: estratexia e contexto dixital galego</b>	<b>4</b>
•1.1 Seniors Dixitais	5
•1.2 Fenda Dixital	6
•1.3 Dinámicas da poboación galega	7
•1.4 Dixitalización dos fogares galegos	8
<b>2. Seniors Dixitais: acceso ás tecnoloxías</b>	<b>9</b>
•2.1 Uso do teléfono móbil	10
•2.2 Uso de tablet e ordenador	11
•2.3 Uso de Internet	13
<b>3. Tendencias dixitais dos seniors</b>	<b>19</b>
•3.1 Servizos utilizados na Internet	20
•3.2 Actividades de aprendizaxe	22
•3.3 Actividades de participación política e social	23
•3.4 Actividades relacionadas coa saúde	24
•3.5 Outras actividades realizadas na Internet	25
•3.6 Actividades relacionadas cos móbiles e ordenadores	26
•3.7 Actividades relacionadas coa Informática	27
<b>4. Seniors: uso das tecnoloxías na rede</b>	<b>28</b>
•4.1 Comercio electrónico	29
•4.2 Ciberseguridade	35
•4.3 Administración Electrónica	43
<b>5. Acceso aos equipamentos dixitais nos fogares dos seniors de máis de 74 anos</b>	<b>50</b>
•5.1 Equipamento tecnolóxico dos fogares	51
• 5.2 Fogares con Internet	53
<b>6. Conclusións</b>	<b>58</b>
<b>7. Outros estudos OSIMGA de referencia</b>	<b>60</b>



# 1. Presentación

## Seniors dixitais

O informe de Seniors Dixitais, que elabora OSIMGA por primeira vez en 2023, enmárcase no obxectivo da EGD2030 "2.1. A inclusión Dixital da Sociedade", onde a capacitación dixital de toda a cidadanía é un obxectivo prioritario e dará lugar a unha "Sociedade Dixital Inclusiva, promovendo as competencias dixitais para non deixar ninguén atrás".

Este informe é unha aposta por estender a análise a toda a sociedade galega e comprobar en que medida está a evolucionar o proceso de dixitalización ata as idades máis avanzadas.

Dentro dos resultados do módulo da enquisa estrutural aos fogares, que desenvolve anualmente o Instituto Galego de Estatística (IGE), é a primeira vez que se difunde separadamente a análise da poboación de idades máis avanzadas, de máis de 74 anos\*. Ademais, inclúense os datos dos galegos e galegas maiores de 65 anos que se extraen da enquisa estrutural aos fogares onde residen persoas de 16 a 74 anos.

Os obxectivos deste estudo son os seguintes:

- ✓ *Avaliar o grao de acceso aos recursos dixitais por parte das persoas de máis de 64 anos en Galicia.*
- ✓ *Coñecer o uso dos dispositivos electrónicos e determinar as habilidades dixitais da poboación por tramos de idade.*
- ✓ *Comprobar o nivel de equipamento dixital e conectividade nos fogares galegos onde residan persoas de máis de 64 anos.*

A enquisa nesta edición céntranse, en concreto, na recollida da seguinte información:

- Disposición de teléfonos móbiles.
- Uso de tablets e ordenadores (sobremesa e portátiles).
- Uso de internet e a súa frecuencia.
- Servizos e actividades realizadas na Internet.
- Habilidades e usos dixitais.

Todos estes indicadores son desagregados por xénero, áreas xeográficas e se residen nunha vivenda en "risco de pobreza"\*\*. Tamén se incorporan no informe indicadores sobre a dixitalización dos fogares nos que viven persoas de máis de 74 anos, comparándoos co do resto de fogares.

\* OSIMGA non dispoñía destes datos ata este ano. O IGE publica de forma xenérica a categoría "De 65 ou máis anos" que aquí sepárase en 65 a 74 e 74 ou máis anos.

\*\*Considérase que unha persoa está en risco de pobreza cando o seu ingreso equivalente é inferior ao limiar de risco de pobreza de Galicia, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes. Os ingresos equivalentes son o resultado de dividir os ingresos do fogar polas unidades de consumo do fogar.

## Fenda Dixital

A dixitalización da sociedade galega materialízase a través do desenvolvemento de novas actividades de lecer, formas de xestionar servizos, de consumir e de relacionarse coa administración. A Administración Autónoma Galega, mediante diferentes instrumentos vertebrados a través da Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030), ten como obxectivo prioritario a capacitación dixital de toda a cidadanía. Pon así énfase na atención aos diferentes colectivos, zonas e perfís que poidan ter máis dificultades na incorporación á dixitalización. Neste contexto é de vital importancia achegar análises máis desagregadas e especializadas sobre o alcance da dixitalización, focalizando nos colectivos máis vulnerables.

A circunstancia de que algúns colectivos non contan coas oportunidades nin capacidades necesarias para acceder a estes medios dixitais denomínase "fenda dixital". O EUROSTAT define a fenda dixital como a distinción entre aqueles que teñen acceso a Internet e poden facer uso del, e aqueles que están excluídos destes servizos. O INE indica unha serie de factores que se agachan detrás da fenda dixital como a falta de infraestruturas que propicien o uso das TIC, a falta de coñecementos e habilidades necesarias para participar na sociedade dixital, ou a falta de interese no que a sociedade da información pode ofrecer.

A fenda dixital entendíase, orixinalmente, como a mera existencia dun grupo excluído da sociedade debido á falta de posibilidades para acceder aos recursos tecnolóxicos. Na actualidade enténdese que o fenómeno adquire unha dimensión maior e danse distintos motivos polos que existen unhas persoas excluídas por factores como a idade, o nivel académico ou o nivel económico.

A fenda dixital por cuestión de idade podemos definila como as diferenzas significativas no uso das TIC entre as denominadas "xeracións tecnolóxicas" que se definen da seguinte maneira (\*):

- ✓ Xeración tecnolóxica 1: persoas mozas de non máis de 30 anos, nadas nunha contorna tecnolóxica, con plena incorporación de competencias tecnolóxicas desde idades temperás. Coñecidas tamén por "persoas nativas dixitais".
- ✓ Xeración tecnolóxica 2: abarca un groso de poboación de mediana idade, marcadamente heteroxénea, cunha inmersión TIC intermedia. Neste proceso tiveron influencia, especialmente, a formación recibida e o ámbito laboral.
- ✓ Xeración tecnolóxica 3: son persoas de mediana e avanzada idade nas que o contacto coas novas tecnoloxías estivo marcado polo desempeño de profesións de alta cualificación, ou ben, polas accións formativas específicas en materia TIC.

As TIC non alcanzan a todas as persoas por igual, xerándose unha fenda dixital na accesibilidade aos recursos e na forma de uso, a pesar da existencia de plans internacionais e nacionais que establecen compromisos para facelos chegar a toda a poboación.

# 1.3

## Dinámicas da poboación galega

A poboación galega caracterízase por un nivel de envellecemento alto, unha tendencia compartida con toda Europa. No 2022, a poboación galega acadou unha media de idade de 48,01 anos fronte aos 44,07 anos de media de España e dos 44,4 anos da UE. Este indicador non deixa de crecer, polo aumento da esperanza de vida e baixa natalidade, que a inmigración non chega a compensar.


O envellecemento da poboación galega continúa acelerando. Segundo o IGE, no 2022 a idade media dos habitantes da Comunidade supera á de 2021 (47,74 anos) e xa subiu case tres puntos dende 2012 (45,34).

Por sexos, os homes teñen de media 46,38 anos, mentres que no caso das mulleres xa se chega aos 49,53 anos.

Só un 15,5% dos galegos tiñan menos de 20 anos en 2022, mentres o 58,32% estaba entre os 20 e os 64 anos. Máis dun 26% dos habitantes da comunidade tiña máis de 65 anos.

Por provincias, Ourense acadou os 51,19 anos de idade media e Lugo os 50,35, fronte aos 47,72 da Coruña e 46,52 de Pontevedra.

Pirámide de Poboación de Galicia



Fonte: INE. Estatística do Padrón Continuo. Datos provisionais ao 1 de xaneiro de 2022. Elaboración Propia



Idade Media segundo Provincia


Idade Media 2022	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Total	47,72	50,35	51,19	46,52	48,01
Homes	46,06	48,94	49,52	44,86	46,38
Mulleres	49,25	51,69	52,74	48,08	49,53

Fonte: IGE. Indicadores demográficos. Elaboración Propia

Para analizar o proceso de envellecemento úsase o *índice de envellecemento*, que calcula o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 persoas menores de 20.

Este índice, para o conxunto de Galicia, situouse en 2022 en 167,26 e isto significa que por cada 100 menores de 20 anos contabilizáronse máis de 167 persoas maiores de 64.

Idade Media da poboación por Comunidade Autónoma



Fonte: INE. Indicadores de Estructura de la Población. Ano 2022

# 1.4

## Dixitalización dos fogares galegos

Tal e como se recolle no estudo "Galicia. A nosa vida en dixital. A Sociedade da Información nos fogares galegos. Edición 2022"\* , o 92,7% dos fogares galegos con persoas de 16 a 74 anos contan con internet contratado, cun incremento do 0,5% respecto a 2021.

O 45,4% dos fogares con conexión a Internet, contan cunha velocidade igual o superior aos 100Mbps, o que supón un crecemento do 51,3% respecto ao ano anterior.

### Fendas dixitais da poboación galega no 2022

A idade é unha variable relacionada de xeito directo ao nivel de dixitalización. A menor idade, maior uso da rede, acadando niveis de uso do 99,7% entre os/as galegos/as máis novos/as. A pesares disto, a fenda dixital segundo a idade redúcese ano a ano e cabe salientar un significativo incremento no nivel de dixitalización no tramo de idade de 65 a 74 anos: que se amosará ao longo deste informe.

### Principais características da dixitalización nos fogares galegos no 2022



O 96,5% da poboación galega usa o teléfono móbil, ben sexa persoal, ou proporcionado polo seu empregador.

A porcentaxe de internautas, mantense nos niveis acadados no ano anterior (89,3%). En termos absolutos, 1.763.218 persoas de 16 a 74 anos utilizaron Internet nos últimos tres meses, o que supón un incremento de 68.052 internautas nos últimos catro anos.



As actividades máis comúns dos internautas galegos no 2022 son usar mensaxería instantánea (97,3%), buscar información sobre bens e servizos (87,5%), ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña (85,7%), recibir ou enviar correos electrónicos (82,7%), usar banca electrónica (77,2%) ou telefonar por Internet/videoconferencias (72%).



O 83,8% dos galegos que realizaron xestións coas administracións públicas empregou internet para realizalas. Sobresaen as xestións sanitarias, cun 86,1%, xunto coa tramitación da declaración da renda (41,6%).



### Fogares galegos con internet contratado. Evolución




Fonte: OSIMGA + IGE 2022

### Fogares galegos con ordenadores. Evolución



Fonte: OSIMGA + IGE 2022

\*<https://www.osimga.gal/gl/informes/galicia-nosa-vida-en-dixital-edicion-2022>



## 2. Seniors Dixitais: Acceso ás tecnoloxías

# 2.1

## Uso do teléfono móbil

### Persoas que utilizaron o teléfono móbil

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos)



O 87,3% dos/as seniors de 65 a 74 anos usan o teléfono móbil. Esta porcentaxe descende ao 55,3% nos maiores de 74 anos.

Entre os **maiores de 64 anos** son os homes, as persoas que teñen estudos de segunda etapa de educación secundaria ou superiores e os que residen en municipios de máis de 20.000 habitantes, os que teñen un maior acceso a este equipamento.

As diferenzas son máis acusadas entre os maiores de 74: o uso do móbil polos homes supera en case 15 puntos ás mulleres, e a diferenza por nivel de estudos é de máis de 40 puntos.




### Seniors Dixitais: Uso do teléfono móbil

#### USO DO MÓBIL DAS PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS SEGUNDO CARACTERÍSTICAS SOCIODEMOGRÁFICAS

		65-74 anos	Máis de 74 anos
Xénero	Home	89,7%	64,1%
	Muller	85,4%	49,5%
	Total	87,3%	55,3%
Tamaño Hábitat	Menos de 5.000 habitantes	80,1%	44,4%
	Entre 5.000 e 10.000 habitantes	86,5%	54,3%
	Entre 10.000 e 20.000 habitantes	84,2%	51,6%
	Entre 20.000 e 50.000 habitantes	91,5%	61,2%
	Máis de 50.000 habitantes	91,9%	64,0%
	Total	87,3%	55,3%
Nivel de estudos	Educación primaria e inferior	73,7%	42,3%
	Primeira etapa de educación secundaria e similar	86,3%	62,7%
	Segunda etapa de educación secundaria ou educación postsecundaria non superior	95,7%	89,2%
	Educación superior	99,2%	82,7%
	Total	87,3%	55,3%
En risco de pobreza	Si	80,4%	53,0%
	Non	88,3%	55,7%
	Total	87,3%	55,3%


## Persoas que utilizaron tablet e ordenador (de sobremesa ou portátil)

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos)



O 82,7% dos maiores de 74 anos declaran que nunca usaron tablets ou ordenadores fronte ao 12,5% nas idades comprendidas entre os 16 e 64 anos.

O uso destes dispositivos está en estreita relación coa idade: a maior idade menor uso, deste o 32,4% dos galegos e galegas de 65 a 74 anos utilizaron estes dispositivos no último mes e só o 11,9% dos seniors de máis de 74.



## Persoas que utilizaron tablet e ordenador (de sobremesa ou portátil) nos últimos tres meses

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos)



## Uso de tablet e ordenador

Uso da tablet e do ordenador (de sobremesa ou portátil) segundo características sociodemográficas dos seniors

		Seniors de 65 a 74 anos					Seniors de máis de 74 anos				
		No último mes	Hai máis de 1 mes e menos de 3 meses	Hai máis de 3 meses e menos de 1 ano	Hai máis de 1 ano	Nunca o usou	No último mes	Hai máis de 1 mes e menos de 3 meses	Hai máis de 3 meses e menos de 1 ano	Hai máis de 1 ano	Nunca o usou
Xénero	Home	<b>37,3%</b>	2,1%	2,5%	8,1%	50,0%	<b>16,8%</b>	0,6%	1,1%	5,2%	76,4%
	Muller	28,1%	1,8%	1,9%	8,2%	<b>60,0%</b>	8,6%	0,8%	0,7%	3,1%	<b>86,9%</b>
	Total	32,4%	1,9%	2,2%	8,2%	55,3%	11,9%	0,7%	0,8%	3,9%	82,7%
Tamaño Hábitat	Menos de 5.000 habitantes	16,6%	0,9%	1,0%	7,8%	<b>73,7%</b>	3,6%	0,1%	0,3%	2,3%	<b>93,7%</b>
	Entre 5.000 e 10.000 habitantes	20,7%	1,1%	2,7%	9,6%	65,9%	8,2%	0,4%	1,0%	2,0%	<b>88,4%</b>
	Entre 10.000 e 20.000 habitantes	29,4%	2,4%	2,2%	6,7%	59,3%	8,6%	0,5%	0,5%	3,4%	<b>87,0%</b>
	Entre 20.000 e 50.000 habitantes	32,1%	1,9%	1,7%	9,9%	54,4%	13,0%	0,0%	1,2%	4,4%	<b>81,4%</b>
	Máis de 50.000 habitantes	<b>49,2%</b>	2,6%	3,0%	7,8%	37,5%	<b>21,4%</b>	1,7%	1,2%	6,2%	69,6%
	Total	32,4%	1,9%	2,2%	8,2%	55,3%	11,9%	0,7%	0,8%	3,9%	82,7%
Nivel de estudos	Educación primaria e inferior	5,4%	1,0%	1,0%	3,4%	<b>89,3%</b>	3,0%	0,3%	0,3%	1,4%	<b>95,0%</b>
	Primeira etapa de educación secundaria e similar	23,4%	1,5%	2,2%	7,6%	65,3%	12,6%	0,9%	0,8%	4,6%	<b>81,1%</b>
	Segunda etapa de educación secundaria ou educación postsecundaria non superior	<b>60,4%</b>	3,0%	2,7%	15,0%	18,8%	<b>44,3%</b>	0,8%	0,8%	12,0%	42,1%
	Educación superior	<b>73,9%</b>	3,5%	3,0%	10,1%	9,6%	<b>48,0%</b>	2,3%	4,9%	12,4%	32,4%
	Total	32,4%	1,9%	2,2%	8,2%	55,3%	11,9%	0,7%	0,8%	3,9%	82,7%
En risco de pobreza	Si	14,2%	1,1%	2,3%	7,7%	<b>74,6%</b>	5,2%	0,9%	0,5%	1,9%	<b>91,5%</b>
	Non	<b>34,7%</b>	2,0%	2,2%	8,2%	52,9%	<b>12,8%</b>	0,6%	0,9%	4,2%	81,5%
	Total	32,4%	1,9%	2,2%	8,2%	55,3%	11,9%	0,7%	0,8%	3,9%	82,7%

Entre os seniors, o uso de dispositivos tales coma a tablet ou ordenador está en estreita relación coas características sociodemográficas. Neste senso é máis habitual o uso de ordenadores ou tablets a medida que se incrementa o nivel de estudos, que os fogares non estean en risco de pobreza, e residan nos concellos de máis de 50 mil habitantes. Ademais, nestes tramos de idade, existe unha fenda de xénero significativa, fenómeno que non existe na poboación xeral\*.

\*Ver informe: Galicia. A nosa vida en dixital. A Sociedade da Información nos fogares galegos. Edición 2022"

## Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos)



Nos últimos anos, as persoas maiores fóronse sumando progresivamente, ao uso das novas tecnoloxías, incrementándose o número de internautas galegos de 65 a 74 anos que en 2022 xa acadan o 59,9%.


Con todo, só o 20,1% das galegos/as que superan os 74 anos utilizaron internet no últimos tres meses.

A evolución do uso de Internet nos tres últimos meses nas persoas maiores de 65 anos en Galicia amosa un crecemento relativo dende 2021 a 2022 do 2% entre os seniors de 65 a 74 anos e un 14,2% entre os maiores de 74 anos.




## Uso de Internet nos tres últimos meses das persoas de 65 e máis anos. Comparativa Galicia – España. Año 2022

(% sobre o total de persoas de 65 e máis anos)



## Evolución do uso de Internet nos tres últimos meses das persoas de 65 e máis anos. Galicia 2021-2022

(% sobre o total de persoas de 65 e máis anos)




# 2.3

## Uso de Internet


Evolución do número de Internautas segundo idade

Persoas de 16 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos 3 meses			
	2021	2022	Incremento no período 2021-2022
16 a 64 anos	1.570.023	1.569.237	-0,1%
65 a 74 anos	188.170	193.981	7,1%
Máis de 74 anos	63.556	73.237	15,2%



A pesar de que o uso da internet redúcese conforme aumenta a idade, o maior crecemento no último ano produciuse entre os seniors de máis de 74 anos, cun incremento do 15,2%, e acadando un total de 73.237 internautas no 2022, o que supón a incorporación de 9.681 novos internautas.

Seniors que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o sexo




A fenda de xénero no uso de Internet nos maiores de 65 anos aumenta a medida que aumenta a idade dos mesmos.


Entre os galegos de 65 a 74 anos, a porcentaxe de homes Internautas supera en 4,6 puntos ás mulleres, pero no grupo de idade dos maiores de 74 anos, os homes superan en 9 puntos porcentuais ás mulleres.

Con todo, as mulleres internautas de máis de 74 anos creceron un 12,2% valor algo menor ao dos homes (15,9%).

Homes de 65 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos 3 meses  
Evolución Galicia  
(% sobre homes de 65 e máis anos)




Mulleres de 65 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos 3 meses  
Evolución Galicia  
(% sobre mulleres de 65 e máis anos)



## Uso de Internet

### Seniors que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o nivel de estudos

(% sobre o total de persoas de máis de 65 anos)



O nivel de estudos dos seniors inflúe no uso da Internet. Así tanto no grupo de 65 a 74 anos como os que teñen máis de 74 anos, a maior nivel educativo maior número de internautas.

En canto á evolución no último ano, obsérvase un crecemento positivo na incorporación de Internautas segundo o nivel de estudos, destacando que o maior crecemento sitúase nos galegos e galegas de 65 a 74 anos que teñen estudos secundarios superiores.

### Seniors que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o nivel de estudos. Evolución 2021-2022


#### Seniors de 65 a 74 anos

(% sobre o total de persoas de 65 a 74 anos)




#### Seniors de máis de 74 anos

(% sobre o total de persoas de máis de 74 anos)



## Seniors que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o tamaño do concello

(% sobre o total de persoas de máis de 65 anos)



O lugar de residencia é outra variable que se relaciona co uso da Internet entre a cidadanía. Canto maior é o tamaño de poboación, maior é a porcentaxe de internautas.

O 75,4% da poboación de 65 a 74 anos que reside nos concellos de máis de 50 mil habitantes utilizou internet nos últimos tres meses en 2022, fronte só o 33,1% dos maiores de 74 anos que residen no mesmo tipo de hábitat. En ambos casos é moito máis elevado que nas poboacións máis pequenas.

A evolución de internautas segundo o tamaño do concello é positiva en case todos os tipos de hábitat.

## Seniors que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o tamaño do concello. Evolución 2021-2022


### Seniors de 65 a 74 anos

(% sobre o total de persoas de 65 a 74 anos)



### Seniors de máis de 74 anos


(% sobre o total de persoas de máis de 74 anos)



## Uso de Internet

Seniors que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo se están en riesgo de pobreza

(% sobre o total de persoas de 65 e máis anos)




O nivel de socioeconómico dos fogares nos que residen os Seniors inflúe tamén no uso da Internet: a maior risco de pobreza menor porcentaxe de internautas.

No 2022, a fenda dixital segundo o risco de pobreza dos fogares nos que residen os maiores de 65 anos é notable. Ademais obsérvase mellor evolución nos fogares que non están en risco de pobreza.

Seniors que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo se están en risco de pobreza.  
Evolución 2021-2022

Seniors de 65 a 74 anos

(% sobre o total de persoas de 65 a 74 anos)



Seniors de máis de 74 anos


(% sobre o total de persoas de 74 e máis anos)




## Uso de Internet: Frecuencia

### Frecuencia de Uso de Internet

(% sobre usuarios nos últimos tres meses)



De entre os internautas, máis do 76% maiores de 64 anos utilizan Internet diariamente, acadando o 84,7% entre os 65 e 74 anos. Con todo, os internautas máis novos (de 16 a 64 anos) son os que con máis frecuencia utilizan Internet a diario (95,9%).



# 3. Tendencias Dixitais dos Seniors

# 3.1

## Servizos utilizados na Internet

### Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



A mensaxería instantánea é a funcionalidade utilizada máis frecuentemente polos internautas galegos independentemente da súa idade.

Centrándonos nos internautas seniors, o 93,7% dos de 65 a 74 anos e o 89,4% dos maiores de 74 anos usan a mensaxería instantánea, achegándose ao nivel de uso que fan os internautas de 16 a 64 anos.

Como servizos máis utilizados polos internautas maiores de 65 anos atopamos tamén a lectura de noticias, xornais ou revistas en liña, e a busca de información sobre bens o servizos.

A participación en redes sociais, escoitar música, ver contidos en streaming, ver películas, programas, ou contidos de vídeos para compartir son as actividades que máis afastan aos internautas seniors da poboación menor de 65 anos.



## Servizos utilizados na Internet

Servizos de internet utilizados polos maiores de 65 anos con fins particulares nos últimos 3 meses segundo sexo e idade

(% sobre o total de persoas de 65 e mais anos que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)	Seniors de 65 a 74 anos		Seniors de máis de 74 anos	
	Home	Muller	Home	Muller
Usar mensaxería instantánea	91,1%	96,2%	85,7%	93,3%
Buscar información sobre bens ou servizos	77,0%	67,9%	67,3%	51,0%
Ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña	79,3%	71,8%	74,8%	59,4%
Recibir ou enviar correos electrónicos	58,3%	42,6%	46,7%	29,4%
Telefonar por internet / videoconferencia	45,8%	54,9%	45,5%	50,9%
Participar en redes sociais	30,0%	37,1%	29,0%	20,2%
Ver contidos de vídeo de sitios para compartir	39,0%	33,8%	27,9%	22,7%
Escoitar ou descargar música	29,1%	24,4%	22,6%	17,8%
Ver películas ou vídeos baixo demanda de empresas comerciais	31,7%	25,8%	21,8%	14,7%
Ver programas emitidos por internet de canles de televisión	22,8%	17,2%	18,9%	13,9%
Xogar ou descargar xogos	6,9%	9,4%	5,8%	6,6%




Tras a mensaxería, buscar información sobre bens o servizos ou ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña son os servizos máis utilizados polos galegos internautas maiores de 65 anos.

Neste caso, as mulleres superan aos homes nalgúns apartados, especialmente nos relacionados coa comunicación: mensaxería instantánea e telefonar por internet.

## Actividades de aprendizaxe

Actividades de aprendizaxe realizadas na Internet con fins educativos, profesionais ou privados nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



As actividades de aprendizaxe na Internet aínda se están a asentando entre os internautas galegos. Na poboación máis nova, de 16 a 64 anos, a formación en liña acadará porcentaxes próximas ao 26%, particularmente na utilización da Internet para a comunicación entre profesores e alumnos ou utilizar o material de aprendizaxe.

Entre os seniors, esta actividade descende considerablemente: tanto homes como mulleres maiores de 65 anos non adoitan realizar actividades de aprendizaxe na rede, e se o fan, só o 3,3% dos seniors de 65 a 74 anos e o 1,5% dos maiores de 74 anos utilizan material de aprendizaxe *on line*.

Actividades de aprendizaxe realizadas na Internet polos maiores de 65 anos con fins educativos, profesionais ou privados nos últimos 3 meses segundo sexo e idade

(% sobre o total de persoas de 65 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)	Seniors de 65 a 74 anos		Seniors de máis de 74 anos	
	Home	Muller	Home	Muller
Comunicarse con profesores ou alumnos utilizando portais ou sitios web educativos	1,4%	1,5%	0,8%	0,0%
Utilizar material de aprendizaxe en liña que non sexa un curso completo en liña	3,4%	3,2%	1,9%	1,0%
Realizar algún curso en liña (ou parcialmente en liña)	2,1%	2,1%	0,9%	0,1%



## Actividades de participación política e social

### Actividades de participación política e social realizadas por Internet nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



A actividade en procesos de participación política e social na rede é minoritaria entre os seniors. A medida que avanza a idade dos mesmos esta participación é case anecdótica.

O 2,9% dos maiores de 74 anos emite opinións sobre asuntos cívicos e sociais por internet, o 1,4% participou en consultas ou votacións sobre asuntos cívicos e políticos.

Nesta actividade, as tendencias por xénero son dispares.

### Actividades de participación política e social realizadas por Internet polos maiores de 65 anos nos últimos 3 meses segundo sexo e idade


(% sobre o total de persoas de 65 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)	Seniors de 65 a 74 anos		Seniors de máis de 74 anos	
	Home	Muller	Home	Muller
Emitir opinións sobre asuntos de tipo cívico ou político en sitios web ou en redes sociais	6,0%	6,0%	2,9%	3,0%
Tomar parte en consultas en liña ou votacións sobre asuntos cívicos ou políticos	4,3%	3,8%	1,4%	1,3%

# 3.4

## Actividades relacionadas coa saúde

Actividades relacionadas coa saúde realizadas por Internet nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



Actividades relacionadas coa saúde realizadas por Internet polos maiores de 65 anos nos últimos 3 meses segundo sexo e idade


(% sobre o total de persoas de 65 e mais anos que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)	Seniors de 65 a 74 anos		Seniors de máis de 74 anos	
	Home	Muller	Home	Muller
Concertar unha cita cun médico a través dunha páxina web ou dunha app de móbil	45,8%	40,3%	35,5%	26,6%
Buscar información sobre temas de saúde	41,4%	42,3%	36,4%	30,6%
Acceder a arquivos persoais de saúde	26,8%	20,3%	12,2%	10,3%
Acceder a outros servizos de saúde a través dunha web ou dunha app en lugar de ter que ir ao hospital ou médico	20,9%	16,3%	11,4%	11,3%

No 2022, as actividades relacionadas coa saúde realizadas na rede afiázanse entre os internautas galegos.

Entre os Seniors de 65 a 74 anos 4 de cada 10 internautas galegos/as concertan unha cita médica a través dunha páxina web, unha aplicación móbil ou buscan información sobre temas de saúde.


Nos maiores de 74 anos, ambas actividades superan o 30%.

No referente ás diferenzas observadas por xénero e idade, en case todas as categorías e rangos de idades son os homes os usuarios máis habituais dos servizos de saúde.



## Outras actividades realizadas por Internet nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



Entre os seniors galegos que usan internet vanse afianzando algúns usos coma a utilización da banca electrónica, que indican un bo nivel de dixitalización.

No 2022, o 52,9% dos internautas galegos/as de 65 a 74 anos e o 36,9% dos maiores de 74 anos utilizan a banca electrónica, sendo unha das actividades máis frecuentes entre os internautas maiores de 65 anos.

No uso da banca electrónica aínda se detecta unha gran fenda dixital entre homes e mulleres, especificamente entre os maiores de 74 anos, con máis de 20 puntos de diferenza a prol dos homes.

## Outras actividades realizadas por Internet polos maiores de 65 anos nos últimos 3 meses segundo sexo e idade


(% sobre o total de persoas de 65 e mais anos que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)	Seniors de 65 a 74 anos		Seniors de máis de 74 anos	
	Home	Muller	Home	Muller
Banca electrónica	58,9%	47,2%	46,8%	26,6%
Copiar ou mover ficheiros entre carpetas ou dispositivos	26,5%	23,2%	18,8%	12,3%
Copiar, mover ou almacenar ficheiros na nube	15,9%	11,4%	8,9%	3,9%
Colgar contidos propios a través dunha páxina web ou app para ser compartidos	8,8%	10,9%	5,9%	2,8%
Buscar emprego	0,4%	0,4%	0,0%	0,2%
Vender bens ou servizos (transacción ou trato realizado en liña)	2,4%	2,1%	0,9%	0,0%
Realizar apostas en liña en salóns de xogo ou similar	1,0%	0,2%	0,6%	0,0%

# 3.6

## Actividades relacionadas cos móbiles e ordenadores

Actividades relacionadas cos móbiles e ordenadores realizadas nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



A disposición de maiores destrezas dixitais por parte da poboación internauta refléxase nos datos sobre as actividades relacionadas cos móbiles e ordenadores que realizan. A idade é un factor condicionante na disposición de habilidades dixitais entre os internautas galegos.

Entre os internautas de 65 a 74, só o 19,5% instala software ou aplicacións e un 16,1% ten a destreza de transferir ficheiros entre o ordenador e outros dispositivos. Estas porcentaxes descenden ao 9,3% e 6,7% entre os maiores de 74 anos.

A fenda dixital, tanto de idade como de xénero, é máis evidente neste tipo de actividades onde se require de destrezas adquiridas no ámbito dixital.

Actividades relacionadas cos móbiles e ordenadores realizadas polos maiores de 65 anos nos últimos 3 meses segundo sexo e idade




(% sobre o total de persoas de 65 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)	Seniors de 65 a 74 anos		Seniors de máis de 74 anos	
	Home	Muller	Home	Muller
Instalar software ou aplicacións	22,5%	0,4%	11,1%	2,2%
Transferir ficheiros entre o ordenador e outros dispositivos	16,7%	11,8%	12,8%	5,6%
Cambiar a configuración de calquera software, incluídos o sistema operativo e os programas de seguridade	8,2%	4,3%	2,8%	1,8%

## Actividades relacionadas coa informática


### Actividades relacionadas coa informática realizadas nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)




### Actividades relacionadas coa informática realizadas polos maiores de 65 anos nos últimos 3 meses segundo sexo e idade

(% sobre o total de persoas de 65 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos 3 meses)	Seniors de 65 a 74 anos		Seniors de máis de 74 anos	
	Home	Muller	Home	Muller
Copiar ou mover ficheiros ou carpetas	25,5%	13,5%	14,1%	5,4%
Usar procesador de texto	20,5%	11,8%	11,3%	4,4%
Crear presentacións ou documentos que integren texto, imaxes, táboas ou gráficos	9,0%	3,7%	3,6%	0,3%
Usar follas de cálculo	12,1%	3,5%	6,1%	0,5%
Usar software para editar fotos, vídeo ou arquivos de audio	9,1%	4,8%	3,0%	0,8%
Usar nas follas de cálculo as súas funcións avanzadas para organizar e analizar datos, como ordenar, filtrar, usar fórmulas, construír gráficos...	6,6%	1,7%	1,8%	0,0%
Programar nunha linguaxe de programación	1,8%	0,5%	0,1%	0,3%



Copiar ou mover ficheiros ou carpetas é a actividade informática máis común que realizan os galegos de máis de 65 anos que utilizan Internet, quedándose no 19,4%.

A fenda de xénero no uso de procesadores, follas de cálculo, presentacións e edicións multimedia é moi notoria nestas idades. A porcentaxe de homes que as realizan é en case todas máis do dobre que as mulleres.



## 4. Seniors: uso das tecnoloxías na rede

## Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos)



No ano 2022 continúa o incremento do número de seniors galegos /as que adquiriron algún ben ou servizo a través da rede.


Destacamos o crecemento de compradores maiores de 74 anos, que no ano 2022 supoñen un 13,8%, un 20% máis que no ano anterior.

Neste ano crecen tamén os compradores de 65 a 74 anos, nun 10,8% respecto ao 2021.

Aínda así, a proporción de compradores é aproximadamente a cuarta parte en comparación coa poboación de menos de 65 anos.


Persoas de 65 e máis anos que adquiriron bens ou servizos a través de Internet  
Comparativa Galicia – España. Año 2022

(% sobre o total de persoas de 65 e máis anos)



## Evolución do comercio electrónico das persoas de 65 e máis anos. Galicia 2021-2022

(% sobre o total de persoas de 65 e máis anos)




# 4.1


## Comercio electrónico

Características sociodemográficas dos seniors que adquiriron bens ou servizos a través de Internet

### Segundo sexo




### Segundo tamaño do concello onde residen




A porcentaxe de compradores/as a través de Internet incrementábase, co nivel formativo.

### Segundo nivel de estudos



### Segundo risco de pobreza




Tamén é máis elevada se non residen en fogares en risco de pobreza ou residen en concellos de máis de 50 mil habitantes.

A fenda de xénero na compra por Internet é máis acusada nos maiores de 74 anos, onde supera os 10 puntos porcentuais.

Compras de produtos en formato físico a través dun sitio web ou aplicación, por motivos particulares, nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de máis de 16 anos que compraron por internet nos últimos 3 meses)



No 2022, o 44,4% dos galegos/as de 65 a 74 anos e o 25,3% dos maiores de 74 anos que compran por Internet, adquiren roupa, zapatos ou accesorios.

A compra de mobles, accesorios para o fogar ou produtos de xardinería é mais habitual entre os maiores de 74 anos (35,5%) ao igual que a compra de libros impresos, revistas ou xornais en formato físico.

Ambos tipos de produtos son característicos das compras deste grupo de idade mentres que a compra de ordenadores, tablets, teléfonos móbiles ou accesorios, entrega de restaurantes, cadeas de comida rápida, servizos de catering, e artigos deportivos (non roupa) son mais característicos dos galegos de 16 a 64 anos.

Descarga ou subscripción mediante pago de produtos en liña, por motivos particulares, nos últimos 3 meses\*

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que compraron por internet nos últimos 3 meses)



O 19,9% dos galegos/as de máis de 64 anos que compraron en Internet nos últimos 3 meses adquiriron entradas a eventos culturais ou outros. O 12,5% compraron ou descargaron libros electrónicos, revistas ou xornais en liña e o 11,4% descargou software, sendo estas tres as actividades máis habituais dentro do ámbito das descargas e subscripción na contorna das compras online.

O primeiro posto é compartido cos menores de 65 pero o segundo e terceiro son, no caso dos máis novos, o consumo en streaming ou descarga de material audiovisual da rede.

\*Non se achegan datos desagregados de 64 a74 e máis de 74 por razóns de segredo estatístico  
Fonte: OSIMGA + IGE (2022)


### Contratación de servizos a través dun sitio web ou aplicación, por motivos particulares, nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que compraron por internet nos últimos 3 meses)



### Actividades financeiras realizadas, con fins privados, nos últimos 3 meses\*

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que compraron por internet nos últimos 3 meses)



No 2022, o 18,5% dos galegos/as de máis 64 anos que realizaron compras na rede por motivos particulares contrataron algún servizo de aloxamento cunha empresa e o 11,4% servizos de transporte. Non está moi lonxe do consumo dos menores de 65 pero descende notoriamente a contratación de servizos a particulares respecto da poboación xeral

O uso da rede para a contratación ou subscrición de actividades e servizos financeiros é minoritario na poboación internauta galega, pero os maiores de 64 que compran por internet, superan lixeiramente o consumo da poboación xeral de algúns destes produtos.

\*Non se achegan datos desagregados de 64 a 74 e máis de 74 por razóns de segredo estatístico  
Fonte: OSIMGA + IGE (2022)


## Motivos para non realizar compras por Internet nos últimos 12 meses

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que non compraron por internet nos últimos 12 meses)



O motivo principal para non comprar en liña é porque prefiren facelo persoalmente nunha tenda (ver os produtos, fidelidade á tenda, costume...). 8 de cada 10 galegos/as maiores de 65 anos que non compran na internet así o declaran.

O segundo motivo máis repetido é porque non teñen necesidade de realizar este tipo de compras. É o motivo que sinala o 50,7% dos galegos/as de 65 a 74 anos e o 53,4% dos galegos/as de máis de 74 anos. Estes últimos tamén consideran que a falta de coñecemento para manexarse en Internet é un freo para o 49,9%.





# 4.2

## Ciberseguridade

### Persoas que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses

(% sobre as persoas de 16 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




A ciberseguridade no fogar converteuse nunha necesidade para todas as persoas nos últimos anos, en que se ven incrementados os incidentes desta natureza. No 2022, a idade condiciona a predisposición de ter un accidente de ciberseguridade. Así o 55,4% galegos/as de ata 64 anos que utilizaron internet nos últimos 12 meses tiveron algún incidente de ciberseguridade, cifra que se reduce a medida que a idade avanza: só 3 de cada 10 seniors de máis de 74 anos sufriron incidentes no último ano.

O spam foi o incidente de seguridade na rede que mais sufriron os internautas galegos no último ano en todos os rangos de idade.

### Tipo de incidente de seguridade que sufriu en internet nos últimos 12 meses


(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que sufriron algún incidente de seguridade en internet nos últimos 12 meses)



Características sociodemográficas dos seniors que tiveron algún incidente de ciberseguridade nos últimos 12 meses


### Segundo sexo

(% sobre as persoas de 65 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



### Segundo nivel de estudos

(% sobre as persoas de 65 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



A realización de tarefas máis avanzadas, complexas e diversas en internet aumenta a exposición a riscos de ciberseguridade. Por esta razón pódese entender que os colectivos máis activos na rede son os que máis declaran maiores riscos de ciberseguridade: homes, niveis educativos altos, e que non residen en vivendas en risco de pobreza.


### Segundo tamaño do concello onde residen

(% sobre as persoas de 65 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




### Segundo risco de pobreza

(% sobre as persoas de 65 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




### Accions para protexer o acceso a súa información persoal en internet nos últimos 12 meses

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que usaron internet nos últimos 12 meses)




O 75,7% dos maiores de 74 anos e o 64,6% dos seniors de 65 a 74 anos non aplica ningunha das accións analizadas para protexer o acceso a súa información persoal por Internet.

A fenda dixital por idade neste indicador é de 42,4 puntos porcentuais nos maiores de 74 anos e 31,3 puntos porcentuais no grupo de idade de 65 a 74 anos.




Información persoal proporcionada a través de Internet nos últimos 12 meses

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que usaron internet nos últimos 12 meses)



Datos persoais coma o nome, data de nacemento, número do DNI, así como información de contacto (endereço, número de teléfono, email...) constitúen a información persoal máis proporcionada por Internet por aqueles galegos e galegas que navegaron pola rede nos últimos 12 meses independentemente da súa idade.

As diferenzas por idade son notorias, só unha minoría de internautas seniors facilitaron datos persoais, mentres os menores de 65, fíxoos a maioría.



### Actualización dos produtos de seguridade informática por parte da poboación

(% sobre as persoas de 16 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




A medida que a idade sobe, descende a porcentaxe de persoas que actualizaron algún dos seus produtos de seguridade informática (antivirus, actualizacións do teléfono móbil, etc.). Só o 26,6% das persoas maiores de 74 anos que usaron Internet nos últimos 12 meses actualizan periodicamente fronte ao 60,8% dos internautas de 16 a 64 anos que o fan.

No acceso a Internet por unha rede wifi distinta do seu domicilio, os maiores son os que menos acceden, pero tamén os que verifican en menor medida a seguridade da mesma en caso de acceder a unha rede wifi diferente á do domicilio habitual.

### Accede a Internet por unha rede wifi distinta á do seu domicilio

(% sobre as persoas de 16 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




### Verifica que a rede wifi á que accede a internet distinta á do seu domicilio cumpre cuns requisitos mínimos de seguridade

(% sobre as persoas de 16 e máis anos que acceden a internet por unha rede wifi distinta á do seu domicilio)



## Medidas de Seguridade no teléfono móbil

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que usaron internet nos últimos 12 meses)




No relativo ás medidas de seguridade nos teléfonos móbiles, o 67,5% dos galegos e galegas maiores de 74 que usaron Internet no último ano usaron PIN ou patrón de desbloqueo para garantir a seguridade dos seus dispositivos. Só un 13,5% empregan a pegada dixital ou outros datos biométricos como medidas de seguridade, que son medidas moi estendidas entre a poboación de 16 a 64 anos (53,8%).

O 30,1% dos internautas de máis de 74 anos no último ano non aplicou ningunha das medidas consideradas.

## Manexo de Cookies: coñecemento e configuración



## Coñecemento do uso e funcións das cookies

(% sobre as persoas de 16 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



## Cambiou algunha vez a configuración do navegador de internet para prever ou limitar a cantidade de cookies

(% sobre as persoas de 16 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Só o 28,8% dos internautas maiores de 74 anos e o 36,2% dos internautas de 65 a 74 anos coñecen o seu uso e función. Destes últimos, o 10,5% configura o seu Navegador de Internet para prever ou limitar a cantidade de cookies.

## Preocupación sobre a seguridade en Internet no último ano

(% sobre as persoas de 16 e máis anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Para finalizar este apartado sobre ciberseguridade, ofrécense datos sobre a preocupación da seguridade na rede entre os internautas galegos.

Un 33,3 % dos internautas de 65 a 74 anos manifestan estar máis preocupados que antes sobre a seguridade na internet, algo menos os maiores de 74 (29,6%).


Persoas que realizan xestións coas administracións ou organismos públicos por motivos persoais nos últimos 12 meses

(% sobre as persoas de 16 e máis anos)



Persoas que empregan internet nas súas xestións coas administracións ou organismos públicos por motivos persoais nos últimos 12 meses.

(% sobre as persoas de 16 e máis anos que utilizaron Internet e interactuaron coa administración pública nos últimos doce meses)




O 85,6% dos galegos/as de 65 a 74 anos realizaron xestión coas administracións ou organismos públicos por motivos persoais no ano 2022, e destes o 56,4% empregou internet para realizar esas xestións.

Entre os maiores de 74 anos esta porcentaxe descende, así no 2022, un pouco máis da metade (53,4%) dos galegos/as maiores de 74 anos realizaron xestións coas administracións e organismos públicos, dos cales o 47,2% fíxoo a través de Internet.

## Trámites realizados coa administración segundo a idade

(% sobre as persoas de 16 e mais anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Pouco máis da metade dos seniors de 65 a 74 anos utilizan a rede para obter información (51,5%), descargar formularios oficiais (50,8%) ou enviar formularios cumprimentados (51,6%).



No grupo dos internautas maiores de 74 anos, arredor do 38% relaciónase coas AAPP para obter información, descargar formularios oficiais ou enviar formularios cumprimentados. A descarga de documentos persoais ten unha incidencia inferior ao 20% neste grupo de idade.

A fenda dixital por idade é máis acusada cando se trata de realizar trámites coa administración a través da canle virtual.


# 4.3

## Administración electrónica

Trámites realizados coa administración polos seniors galegos  
Evolución Galicia 2021-2022


Seniors de 65 a 74 anos  
Evolución Galicia

(% sobre o total de persoas de 65 a 74 anos que utilizaron Internet)



Seniors maiores de 74 anos  
Evolución Galicia

(% sobre o total de persoas de máis de 74 anos que utilizaron Internet)




Dentro do marco da EGD2030, a consolidación da administración electrónica en Galicia é unha realidade. No ano 2022, case todos os diferentes trámites realizados polos seniors incrementáronse no último ano independentemente da idade.

Trámites realizados polos Seniors galegos coa administración segundo as características sociodemográficas

## Segundo sexo

(% sobre o total de persoas de 65 e mais anos que utilizaron Internet)	Seniors de 65 a 74 anos		Seniors de máis de 74 anos	
Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet	Home	Muller	Home	Muller
Para obter información	56,0%	47,2%	44,8%	30,8%
Para descargar formularios oficiais	55,0%	46,7%	44,8%	30,8%
Para enviar formularios cumprimentados	55,7%	47,6%	44,8%	31,3%
Para descargar documentos persoais	38,8%	23,5%	23,8%	8,2%



## Segundo tamaño do concello onde residen

(% sobre o total de persoas de 65 e mais anos que utilizaron Internet)	Seniors de 65 a 74 anos					Seniors de máis de 74 anos				
Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet	Menos de 5.000 hab.	Entre 5.001 e 10.000 hab.	Entre 10.001 e 20.000 hab.	Entre 20.001 e 50.000 hab.	Máis de 50.000 hab.	Menos de 5.000 hab.	Entre 5.001 e 10.000 hab.	Entre 10.001 e 20.000 hab.	Entre 20.001 e 50.000 hab.	Máis de 50.000 hab.
Para obter información	42,2%	43,3%	51,7%	46,2%	59,2%	20,8%	30,5%	47,0%	39,2%	40,9%
Para descargar formularios oficiais	41,7%	42,9%	51,0%	46,2%	58,1%	20,8%	30,5%	47,0%	39,2%	40,9%
Para enviar formularios cumprimentados	41,9%	43,2%	51,9%	47,2%	59,1%	20,8%	30,5%	47,0%	39,2%	41,3%
Para descargar documentos persoais	18,5%	30,3%	27,7%	27,0%	38,4%	11,8%	18,1%	10,9%	10,0%	19,4%

Entre os maiores de 65 anos, obsérvase que a porcentaxe de homes que interactúa coa AAPP supera á porcentaxe de mulleres en todos os procedementos analizados.

O tamaño de hábitat inflúe na interacción coas Administracións Públicas a través de Internet: o uso de Internet para interactuar coas Administracións Públicas, incrementase en xeral a medida que o fai o número de habitantes do concello, independentemente da idade dos seniors.

# 4.3

## Administración electrónica

Trámites realizados polos Seniors galegos coa administración segundo as características sociodemográficas

### Segundo risco de pobreza

Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet	Seniors de 65 a 74 anos		Seniors de máis de 74 anos	
	Reside nunha vivenda en risco de pobreza	Non reside nunha vivenda en risco de pobreza	Reside nunha vivenda en risco de pobreza	Non reside nunha vivenda en risco de pobreza
Para obter información	30,4%	53,2%	18,5%	39,6%
Para descargar formularios oficiais	30,4%	52,5%	18,5%	39,6%
Para enviar formularios cumprimentados	29,4%	53,4%	18,5%	39,8%
Para descargar documentos persoais	13,1%	32,4%	3,8%	17,2%



### Segundo nivel de estudos

Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet	Seniors de 65 a 74 anos				Seniors de máis de 74 anos			
	Ed. primaria e inferior	1º etapa de Ed. secundaria e similar	2º etapa de Ed. secundaria e Ed. postsecundaria non superior	Educación superior	Ed. primaria e inferior	1º etapa de Ed. secundaria e similar	2º etapa de Ed. secundaria e Ed. postsecundaria non superior	Educación superior
Para obter información	32,1%	38,7%	68,5%	73,3%	23,6%	32,3%	49,1%	52,9%
Para descargar formularios oficiais	32,1%	37,8%	68,6%	72,1%	23,6%	32,3%	49,1%	52,9%
Para enviar formularios cumprimentados	33,7%	38,6%	68,9%	73,2%	23,6%	32,7%	49,1%	52,9%
Para descargar documentos persoais	5,2%	18,5%	45,5%	55,8%	7,7%	10,8%	27,0%	26,4%


Entre os maiores de 64 anos, a interacción cos AAPP son máis frecuentes se o fogar non está en risco de pobreza e a medida que o nivel educativo aumenta. Debemos recordar que as dúas variables relaciónanse directamente tamén co acceso a internet e a capacitación/habilidades dixitais.

# 4.3

## Administración electrónica

Procesos realizados coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses segundo a idade

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que realizaron xestións por internet coas administracións e organismos públicos nos últimos 12 meses)




Máis do 90% dos galegos/as maiores de 65 anos que, no último ano, interactuaron a través de Internet coas administracións públicas, fixérono para realizar xestións sanitarias.

Este servizo é xa case universal para os internautas galegos de 16 e máis anos, xa que dende hai uns anos, as xestións sanitarias a través da rede foron consolidándose na cidadanía.


## Motivos polo que non utiliza Internet nas xestión coas AAPP

(% sobre o total de persoas de 16 e máis anos que realizaron xestións coas administracións e organismos públicos nos últimos 12 meses, pero non por internet)



Independentemente da idade, a principal razón dos galegos para non utilizar Internet nas súas xestións coa administración e organismos públicos é a preferencia que senten polo contacto persoal cos funcionarios.

Entre os maiores de 74 anos tamén aparece como unha razón de peso a falta de coñecemento das persoas para manexarse en Internet (67,2% fronte ao 28,3% dos galegos de 16 a 64 anos).



## 5. Acceso aos equipamentos dixitais nos fogares dos seniors de máis de 74 anos

# Equipamento tecnolóxico dos fogares


## Equipamento tecnolóxico nos fogares galegos

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 ou máis anos)



## Equipamento tecnolóxico nos fogares galegos con maiores de 74 Evolución 2021-2022

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de máis de 74 anos)



A idade dos habitantes condiciona o acceso á tecnoloxía no fogar. En 2022, só o 44,4% dos fogares con maiores de 74 anos dispoñían de Ordenadores fronte ao 77,8% dos fogares con persoas con idades comprendidas entre os 16 e 74 anos.


A smart tv está no 21,4% dos fogares dos seniors, menos da metade que o resto da poboación. A presenza do resto de tecnoloxías analizadas é moi residual.

No 2022, aumenta o equipamento tecnolóxico dos fogares dos seniors de máis de 74 anos, sobre todo a presenza de SmartTV, ordenadores e os altofalantes intelixentes dixitais.

# Equipamento tecnolóxico dos fogares

Fogares con ordenadores. Desagregación por tipoloxía de ordenador

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 ou máis anos)



Tipoloxías de ordenador nos fogares galegos con maiores de 74  
Evolución 2021-2022

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de máis de 74 anos)




Os ordenadores seguen sendo o equipamento tecnolóxico con maior presenza nos fogares galegos: o 77,8% dos fogares galegos con persoas de 16 a 74 e o 44,4% dos fogares con persoas maiores de 74 anos dispoñen deste equipamento.

A presenza dos ordenadores nos fogares galegos con persoas maiores de 74 anos incrementouse nun 4,2% no último ano, sendo os ordenadores de sobremesa e as tablets ou PDA os que máis presenza gañaron nos fogares galegos dos seniors maiores de 74 anos no último ano, mentres baixou lixeiramente a presenza de ordenadores portátiles.

## Fogares con Internet

### Fogares con Internet contratado




No ano 2022, continúa o incremento dos fogares con internet contratado ata chegar ao 92,7% nos fogares con persoas maiores de 16 e menores de 75 anos, e ao 61,5% nos fogares onde residen maiores de 74 anos. O incremento de fogares con Internet foi do 0,5% nos primeiros e do 2,3% nos fogares de maiores de 74.

En termos absolutos, os fogares con maiores de 74 anos tiveron un incremento relativo do 3,2% no último ano, incorporando no período 2021-2022, 5.443 novos fogares con conexión a Internet en Galicia.



### Fogares con Internet Contratado Evolución Galicia 2021-2022




Fogares con Internet				
	2021	2022	Incremento no período 2021-2022	Incremento relativo
Fogares con persoas de 16 a 74 anos	868.954	874.806	5.852	0,7%
Fogares con maiores de 74	169.138	174.581	5.443	3,2%

## Fogares con Internet

### Fogares con Internet contratado

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 ou mais anos)




Na maioría dos fogares galegos combínanse os dous tipos de conexión existentes: fixa (fibra óptica ou rede de cable, ADSL..) e móbil (3G, 4G, 5G...), xa sexan fogares con maiores de 74 anos ou non.

Se analizamos o tipo de conexión en función da velocidade contratada obsérvase que, nos fogares con persoas maiores de 74 anos, ter contratada unha velocidade igual o superior a 100Mbps é máis usual nos fogares con conexión fixa, onde o 63,7% dispón de esta velocidade de conexión.



### Velocidade contratada nos fogares con maiores de 74 anos segundo tipo de conexión a Internet


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 74 ou mais anos con conexión a Internet)



## Fogares con Internet

### Fogares con Internet contratado: Velocidade Máxima de Conexión

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 ou mais anos con conexión a Internet)




■ Fogares con persoas de 16 a 74 anos ■ Fogares con maiores de 74

En canto á velocidade de conexión a Internet, practicamente todos os fogares galegos indican que contan con banda larga (máis de 1 Mbp). No 2022, máis do 45% dos fogares con conexión a Internet, contan cunha velocidade igual o superior aos 100Mbps. Nos fogares con maiores de 74 anos acádase o 49,4%, fronte ao 21,1% do ano anterior, o que supón un crecemento do 134% nese ano.



### Evolución da velocidade de conexión nos fogares con maiores de 74 anos 2021-2022

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 74 ou mais anos con conexión a Internet)







■ Máis de 100Mbps ■ 30Mbps a 100Mbps ■ Menos de 30Mbps

Fogares con velocidade de Internet contratada de 100 Mbps ou superior. Evolución 2021-2022			
Valores Absolutos			
	2021	2022	Incremento no periodo 2021-2022
Fogares con persoas de 16 a 74 anos	260.921	397.162	52,2%
Fogares con maiores de 74	35.747	86.223	141,2%

## Características da Internet Contratada nos Fogares e formas de acceso a Internet

## Tecnoloxía que proporciona a conexión fixa de Internet segundo a velocidade de conexión nos fogares galegos

Tecnoloxía que proporciona a conexión fixa de Internet nos fogares con velocidade de conexión igual ou superior a 100Mbps  
(% sobre o total de fogares con conexión a Internet)Tecnoloxía que proporciona a conexión fixa de Internet nos fogares con velocidade de conexión igual ou superior a 30Mbps e inferior a 100Mbps  
(% sobre o total de fogares con conexión a Internet)Tecnoloxía que proporciona a conexión fixa de Internet nos fogares con velocidade de conexión igual ou superior a 1Mbps e inferior a 30Mbps  
(% sobre o total de fogares con conexión a Internet)Tecnoloxía que proporciona a conexión fixa de Internet nos fogares con velocidade de conexión inferior a 1Mbps  
(% sobre o total de fogares con conexión a Internet)

A fibra é a tecnoloxía predominante nos fogares con conexión fixa e con velocidade de conexión igual o superior aos 30Mbps, mentres que nos fogares con velocidades inferiores a os 30 Mbps a tendencia é a conexión mediante ADSL ou Módem, este último ten maior presenza nos fogares con maiores de 74 anos.

## Motivos polos que non dispoñen de Internet contratado


(% sobre o total de fogares sen conexión a Internet)



■ Fogares con persoas de 16 a 74 anos ■ Fogares con maiores de 74

## Motivos polos que non dispoñen de Internet contratado nos fogares con maiores de 74 anos. Evolución 2021-2022

(% sobre o total de fogares sen conexión a Internet)




■ 2021 ■ 2022



Nos fogares sen internet, os principais motivos que se alegan para non dispoñer de Internet son a percepción da falta de necesidade e a falta de coñecementos para usalo, sendo máis significativo estes motivos nos fogares con maiores de 74 anos.

Nestes fogares decrecen estes dous motivos para non ter internet e aumentan as motivacións que inciden en que non a coñecen, ou non queren este tipo de tecnoloxía.



## 6. Conclusiones



A porcentaxe de internautas galegos de 65 a 74 anos alcada o 59,9% en 2022, o que supón un incremento dun 2% respecto ao ano anterior. Aínda que os maiores de 74 só son internautas o 20,1%, creceron un 14,2% no último ano.



A mensaxería instantánea, a lectura de noticias, xornais ou revistas en liña, e a búsqueda de información sobre bens o servizos, son os servizos de Internet máis utilizados polos internautas maiores de 65 anos.



Afiánzase actividades na rede entre os maiores de 65 anos que indican un bo nivel de dixitalización como é a utilización da banca electrónica, concertar unha cita médica a través dunha páxina web o app móbil ou buscar información sobre temas de saúde.



Continúa o incremento do número de maiores de 65 anos que utilizan o comercio electrónico ata o 17,5% dende os 65 anos e 13,8% dende os 75 pero están aínda moi lonxe da poboación menor de 65 (69,2%)



A fenda dixital que afecta das persoas maiores de 65 anos ten unha maior incidencia na ciberseguridade e a prevención de delitos informáticos, xa que máis do 60% dos maiores de 65 anos non aplica ningunha acción das consideradas para protexer o acceso a súa información persoal por Internet.




Máis do 45% dos maiores de 65 anos utilizou Internet para realizar xestións coas AAPP. Na maioría dos casos fíxoo para realizar xestións sanitarias, buscar información e enviar formularios cumprimentados.



O 61,5% dos fogares con maiores de 74 anos teñen acceso a Internet, cun crecemento do 2,3% respecto ao ano anterior.



Máis do 45% dos fogares con conexión a Internet, contan cunha velocidade igual o superior aos 100Mbps, sobre todo os fogares con maiores de 74 anos, onde chega ao 49,4%, fronte ao 21,1% do ano anterior, un crecemento do 134%.



## 7. Outros Estudos Osimga de referencia

# 7.

## Outros estudos OSIMGA de referencia



Este informe de periodicidade anual avalía a evolución da dixitalización na sociedade galega.

Foi realizado no marco do convenio asinado entre a Amtega e o IGE, a partir dos datos recollidos na "Enquisa Estrutural a fogares" do Instituto Galego de Estatística e posteriormente analizados polo OSIMGA.

AGENCIA PUBLICA REGULADORA DE TECNOLOXÍA DE GALICIA



O estudo das Competencias dixitais da poboación galegas permitiu medir os diferentes desempeños da poboación galega en habilidades relacionadas coa información, comunicación, resolución de problemas e software.

Mide o estado actual e as necesidades para o establecemento do marco común do novo certificado co que as persoas de Galicia poderán acreditar as súas competencias dixitais. Galicia é a primeira comunidade en adaptar a normativa aos criterios do Marco europeo de competencias dixitais para a cidadanía.



AXENCIA PARA A  
MODERNIZACIÓN  
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO  
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN  
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA